

PROGRAMACIÓN



ÍNDICE

1) **Introdución**

2) **Metodoloxía**

3) **Atención á diversidade**

4) **Temas Transversais**

4.1 **Educación en Valores**

4.2 **TIC**

5) **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

6) **Secuenciación**

6.1 **Obxectivos**

6.2 **Contidos**

7) **Avaliación**

7.1 **Criterios de avaliación**

7.2 **Mínimos esixibles**

7.3 **Procedementos de avaliación**

7.4 **Criterios de cualificación**

7.5 **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

7.6 **Medidas de recuperación**

8) **Recursos Didácticos**

9) **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

10) **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

11) **Criterios para a obtención dos premios fin de grao**

1. INTRODUCCIÓN

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumnado ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxectivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario de interpretación como a culminación natural deste desenvolvemento.

O itinerario de interpretación pretende dotar ao alumnado dunha base teórica-práctica na que se aborden os aspectos que, en relación coas innegables destrezas técnico-físicas que conforman os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo do século XX.

Polo tanto, o coñecemento da tradición interpretativa é vital para o músico que orienta a súa futura carreira como intérprete, e este coñecemento implica necesariamente o acceso, análise, comprensión e asimilación das fontes dispoñibles, tanto escritas como sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outra banda, as cuestións relacionadas coa posta en escena tamén son de grande interese porque afectan a un aspecto básico a ter en conta por un intérprete.

Tendo en conta todas estas consideracións previas, é evidente que a disciplina está orientada especificamente a proporcionar as ferramentas necesarias ao futuro intérprete, de xeito que presente o máis amplo abano de posibilidades que ofrece o catálogo de formacións musicais actuais e, paralelamente, a orientación cara a oportunidades profesionais relacionadas.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.

- Orde do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Outros aspectos da aplicación práctica desta programación.

Esta materia impártese para todas as especialidades en 6º curso de Grao Profesional e como materia optativa.

2. METODOLOXÍA

A materia de Fundamentos de Interpretación presenta a particularidade de estar dirixida ao alumnado de varias especialidades instrumentais de 6º Curso do Grao Profesional, por tanto con diferentes características, estado evolutivos e niveis instrumentais. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada alumno/a ou conxunto.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

- Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (auto-avaliación e co-avaliación).

Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento.

- Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión de carácter motivador, que leve aos alumnos/as a unha situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, evitaremos as que non o sexan mediante comentarios cos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

- Principios de **aprendizaxe significativa**: segundo a concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (intradisciplinares), tendoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estrutúrase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e a súa aprendizaxe).
- Principios de **personalización atención á diversidade**: para o deseño desta programación didáctica tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación-clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- Principios de **interacción**: fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno-alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, co-avaliación...), alumno-profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (tutorías).

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que é o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno/a ou grupo determinado.

A falta de uniformidade no alumnado obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversa índole:

- De **coñecementos**, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emprega máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.
- De **aptitude**, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de actitude do alumnado (detectado trala avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- De **actitude**, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor/a poderá propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar ao alumno/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- O respecto pola autonomía dos demais.

- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizados sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
- Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación ambiental

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moipresentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursos...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse proponendo actividades que sedesenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música poden tratarse contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia).

Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidade, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a produción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, Internet. Como indican diferentes autores, Internet representa un saltocualitativo de grande magnitude, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirannos para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: Youtube, concertos accesibles na rede, etc.

- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de grabación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, se se dá o caso, actuacións que poida seguir todo o alumnado.
- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC faise necesario regulalas, e seguindo a normativa do nosocentro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfono móbil, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable dentro das aulas, excepto nos casos en que o profesor/a o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), excepto CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno/a, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc., que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo as relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia de coro.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Conxunto, ao que pertence a materia de Coro, ou mesmo polo Centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos/clase maxistral ao longo do curso. A asistencia a estes cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións da agrupación seguidas de comentarios colectivos do profesorado e alumnado sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos/as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre o profesorado do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas quetiveron os alumnos-as nas súas actuacións. O departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais.

Organizadas polo centro:

- Participar en actividades organizadas polo conservatorio, sendo esta unha maneira de dar a coñecer o traballo feito nos ensaios ao tempo que se intentará facer gozar ao auditorio.

Organizadas por entidades culturais do concello:

- Sempre que sexa posible, participar en actos socioculturais promovidos por entidades culturais ou o propio Concello. Será este un xeito de mostrar o traballo levado a cabo dentro do centro, ao tempo que serve de experiencia ao alumnado o traballo en distintos escenarios.

6. SECUENCIACIÓN

6º Curso de Grao Profesional

6.1.OBXECTIVOS

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.
2. Tomar conciencia das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.

3. Coñecer as prácticas interpretativas por medio das fontes sonoras e escritas axeitadas, para abordar a interpretación do repertorio segundo os estilos interpretativos da música occidental.
4. Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, para acadar unha base sólida que permita ao alumnado diversificar as súas preferencias musicais.
- 5 Valorar a interpretación a través da propia execución para extraer conclusións que melloren a súa calidade.
- 6 Iniciación á análise interpretativa a través das novas tecnoloxías.

CONTIDOS

- Organización do traballo diario.
- Exercitación progresiva da memoria.
- Técnicas de relaxación.
- Concentración e respiración.
- Coñecemento corporal aplicado á execución.
- Control do medo escénico.
- Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución do instrumento.
- Audición activa do repertorio.
- Coñecementos das fontes audiovisuais e escritas dos interpretes máis relevantes.
- Audicións comparadas.
- Actitude positiva ante as audicións e os traballos propostos.
- Conciencia do papel a desempeñar no grupo do que se forma parte.
- Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas.
- Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como interpretes e como oíntes.

7. AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso: obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que alumnado e familias terán toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza–aprendizaxe.

O profesor/a avaliará aos seus alumnos/as tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor/a valorará de forma constante o progreso dos alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Controlar a resposta do corpo na interpretación mediante o uso das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas. Este criterio pretende avaliar o grao de relaxación, concentración e respiración que pode acadar o alumnado para evitar as tensións que poidan provocar un esforzo físico innecesario e o medo escénico.
- 2) Analizar audicións dunha mesma obra nas tres versións interpretativas: formalista, historicista e histórica. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para delimitar e establecer os criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio dado ao longo do século XX.
- 3) Facer comentarios críticos sobre interpretacións dunha mesma obra por distintos grupos. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumno/a co obxectivo de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.
- 4) Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Este criterio pretende medir a capacidade do alumnado para comprender os enfoques que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.
- 5) Mostrar unha actitude positiva e de participación cara aos traballos e audicións propostos. Este criterio pretende avaliar o grao de participación do alumnado, así como o seu interese pola clase.
- 6) Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de implicación do alumno/a co grupo e a súa colaboración para desempeñar o papel que lle corresponda dentro del.
- 7) Xulgar as interpretacións propias e alleas. Este criterio serve para avaliar a capacidade crítica do alumnado en relación coas súas propias interpretacións, así como con relación a outros intérpretes.

- 8) Comentar análises interpretativas realizadas coas tecnoloxías máis recentes neste campo. O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, mediante as tecnoloxías adecuadas, e pode percibir unha interpretación determinada en comparación co texto para aplicala ao seu propio progreso como músico.

7.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Organización do traballo diario. Planificación da práctica diaria co instrumento.
- Exercitación progresiva da memoria.
- Técnicas de concentración, respiración, relaxación, visualización e saúde corporal.
- Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento.
- Coñecemento das fontes audiovisuais e escritas dos intérpretes máis relevantes.
- Audición crítica e comparación de gravacións históricas e modernas. Capacidade para apreciar, na escoita de gravación ou estudo de partituras, os diferentes estilos e características propias da obra proposta.
- Amosar unha actitude axeitada ao contexto educativo: Educación, puntualidade, dilixencia, respecto, tolerancia.
- Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas. Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes.
- Aprendizaxe de ferramentas que axuden á interpretación de textos musicais de forma particular en relación aos diferentes períodos e estilos musicais (afinación, articulacións, tempos e dinámicas, etc.)

7.3. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor/a, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor/a ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase do que será responsable co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- 1) **Actitude e traballo persoal: (20% da cualificación).** Hábitos axeitados de estudo na casa, organización do traballo e do estudo semanal. Respecto ás normas básicas de actitude e participación a cada unha das sesións de clase, e/ou concertos e actividades complementarias: asistencia; puntualidade; actitude correcta ante a materia, interese, etc.
- 2) **Coñecementos teóricos da materia: (40% da cualificación).** Coñecemento sobre os contidos teóricos da materia. Análise sobre aspectos estilísticos de interpretación. Análise sobre aspectos interpretativos. Características da obra e do compositor.
- 3) **Coñecementos técnicos e interpretativos: (40% da cualificación).** Proba interpretativa que amose os coñecementos aprendidos nas sesións de clase sobre aspectos teóricos da obra que se interpreta e o período artístico. Emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas.

7.5 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Non procede a ampliación de matrícula ao tratarse dunha materia de 6º curso de Grao Profesional.

7.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

-PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

Para os alumnos/as que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno/a supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos/as que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha máis grande mellora por parte do alumno/a, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos.

Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos.

Será o criterio do profesor/a o que determine se un alumno/a **non** pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao **50%** das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

1) **Proba de coñecementos teóricos:** Cuestionario sobre os contidos teóricos da materia e comentario dunha audición que demostre un coñecemento dos aspectos teóricos da obra, o período artístico, e os recursos estilísticos característicos da obra e do compositor.

2) **Proba de Coñecementos técnicos e interpretativos:** Interpretación dunha obra o fragmento de obra, segundo estime oportuno o profesor/a, onde se poñan en práctica os contidos e obxectivos traballados nas sesións de clase. Comentario oral dos criterios estilísticos empregados para a preparación e a interpretación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

1) **50%** da cualificación: Proba de carácter escrito ou oral. Coñecementos teóricos da materia. (Recoñecemento de estilos, contextualización das obras e dos compositores, etc..)

2) **50%** da cualificación: Proba de carácter interpretativo que amose os coñecementos teóricos e técnicos aprendidos nas sesións de clase.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente

-PROBA EXTRAORDINARIA DE AVALIACIÓN (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que non teñ a aprobada a materia durante as avaliacións do curso disporá dunha probaextraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidosmínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** Cuestionario sobre os contidos teóricos da materia e comentario dunha audición onde se demostre un coñecemento dos aspectos teóricos da obra, o período artístico, e os recursos estilísticos característicos da obra e do compositor.
- 2) **Proba coñecementos técnicos e interpretativos:** Interpretación dunha peza ou movemento de obra, onde se poñan en práctica os contidos e obxectivos da materia. Comentario oral sobre as técnicas de preparación e relaxación para a execución da peza e sobre os criterios estilísticos empregados para a interpretación.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos: (50% da cualificación).** Proba de carácter escrito ou oral.

coñecementos teóricos da materia. (Recoñecemento de estilos, contextualización das obras e dos compositores, etc..)

- 2) **Proba de coñecementos técnicos e interpretativos: (50% da cualificación).** Proba de carácter interpretativo que amose os coñecementos teóricos e técnicos para realizar con control unha boa interpretación.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material que se utiliza:

- Reprodutores de CD, DVD.
- Móbil, tableta, ordenador con conexión a internet.
- Canles e programas de audio e vídeo (YouTube, etc.).
- Páxinas web de partituras (IMSLP,...)

-Bibliografía para o alumnado:

- Ferguson, interpretación de instrumentos de teclado
- Rink, la interpretación musical
- Dalia Cirujeda, como superar la ansiedad escénica en músicos

9. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA


Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma continua o grao de cumprimento da programación, así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

O profesorado informará aos alumnos/as e aos seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Ademais, para un bo desenvolvemento das titorías e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a e grupo.

Polo tanto, o seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa queservirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Dende o Departamento de Conxunto, para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- 
- Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
 - Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos indicados e adecuación ao nivel do alumnado.
 - Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
 - Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos.
 - Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
 - A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.
 - Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A materia de itinerario de interpretación pertence ao departamento de Conxunto, polo que os profesores/as que imparten a materia participarán na avaliación deste departamento.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos obtidos tras a avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados académicos. Na memoria final do Departamento de Conxunto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade.

11. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades.